

Orde do 5 de maio de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Deporte responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia, que establece no seu artigo 27.19º, como competencia exclusiva da Xunta de Galicia, o fomento da cultura en Galicia e no artigo 32 que lle corresponde á nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Deporte asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Correspóndelle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión de diferentes tipos de axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións, movementos e colectivos, corporacións locais e industrias culturais.

No exercicio destas competencias, a recuperación da nosa memoria histórica é unha obriga institucional que ten que responder á demanda mantida durante décadas pola sociedade galega. Durante moito tempo, o maior esforzo recaeu en asociacións que desenvolveron un comprometido traballo de investigación e difusión, e o seu esforzo formou o muro que detivo o esquecemento, descubriendo a verdade e contribuíndo o seu coñecemento. Grazas a ese esforzo xeneroso e xusto podemos agora tirar do fío da memoria e recoller o testemuño dos que loitaron para que o silencio non fose total.

En todo este tempo, e fundamentalmente nos últimos anos, agromaron asociacións encamiñadas a lembrar os nomes e os espazos da represión, recoller as voces dos represaliados ou abrir os arquivos para atopar a documentación que confirmaba o alcance dos acontecementos ocorridos en Galicia. Maioritariamente, estes traballos fixéronse sen ningún apoio institucional, coa vontade persoal de quen os executaba, e co convencemento de que era preciso un esforzo colectivo para un labor do que dependía o noso futuro.

A Consellería de Cultura e Deporte quere agora recoñecer a relevancia deste labor e apoiar as accións de recuperación da memoria histórica que neste ano organicen asociacións e institucións culturais, tanto desde o ámbito da investigación como da homenaxe e a divulgación.

Por todo o exposto, en uso das facultades que lle foron conferidas e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. É obxecto desta orde fixar, para o exercicio 2008, o réxime de concesión de subvencións destinadas ao fomento da organización e realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, en especial as de investigación, difusión e de homenaxe ás vítimas da represión despois do 1936, levadas a cabo por asociacións, entidades e fundacións culturais sen ánimo de lucro, que sexan solicitadas á Consellería de Cultura e Deporte conforme o procedemento que a continuación se establece.

2. Para os efectos desta convocatoria, entenderanse por programas ou actividades culturais concretas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural, á difusión e animación sociocultural e á investigación, que contribúan ao espallamento do coñecemento da nosa memoria histórica, en especial aos acontecementos acaecidos despois de 1936, e da nosa identidade como pobo.

3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No desenvolvemento desta orde observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

1º Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2º Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derogado.

3º Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.

4º Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

E supletoriamente:

5º Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6º Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7º Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 2º.-Imputación orzamentaria e contía.

1. As subvencións reguladas neste orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.432B.481.1

dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.

2. O importe destinado a estas subvencións é de 100.000 euros (cen mil euros).

3. A contía de cada subvención non poderá superar a cantidade de 12.000 euros (doce mil euros) por beneficiario.

4. Estas axudas poderán ser compatibles con outras das convocadas para o mesmo fin, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o investimento previsto para as actividades obxecto de axuda.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán optar a estas subvencións as fundacións e asociacións culturais legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, con domicilio social en Galicia, así como as que realicen as súas actividades culturais, de interese xeral, en Galicia. En concreto, as fundacións deberán acreditar estar inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, segundo a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, ou no Rexistro de Fundacións de Competencia Estatal, segundo a Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

Valorarase a súa relevancia cultural, a continuidade no tempo e que o seu obxectivo principal sexa a recuperación da memoria histórica e, en especial, das vítimas da represión franquista.

2. Non poderán percibir subvencións nin axudas públicas da Xunta de Galicia aquelas fundacións que non cumpran coa obriga de presentar as contas ao protectorado.

3. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

1. Os que desexen acollerse a esta orde deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, mediante instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte segundo modelo que figura como anexo, e poderán presentala no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, nos rexistros das delegacións provinciais desta ou por calquera dos outros medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Á solicitude xuntarase a documentación seguinte:

- a) Fotocopia do NIF ou, de ser o caso, do CIF da entidade e DNI do representante.
- b) Documentación que acredite a representación da persoa que formula a solicitude.
- c) Declaración do solicitante das subvencións solicitadas, para o mesmo fin, ás administracións públicas.
- d) Documentación relativa ao programa ou actividade que se vai desenvolver.

e) Memoria, o máis detallada posible, relativa ao programa ou actividade que deberá facer mención, como mínimo, aos seguintes aspectos:

- Interese do programa ou actividade.
 - Emprego do galego no desenvolvemento do programa ou actividade.
 - Contribución ao fomento e difusión da nosa memoria histórica.
 - Potencial número de beneficiarios.
 - Repercusión territorial do programa ou actividade.
- f) Orzamento desagregado e polo miúdo da actividade ou programa, con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados.

g) Memoria na que se describan as actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica realizadas ata o ano 2007 polo solicitante.

h) Anexo II cuberto.

i) Calendario de execución do programa.

j) Voluntariamente poderá achegarse calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que sexa pertinente para a mellor valoración do programa ou actividade presentada.

3. Os anexos I e II desta poderanse obter, ben fotocopiándoos do *Diario Oficial de Galicia* no que se publique a convocatoria ou ben na páxina da internet: <http://culturaedeporte.xunta.es/>.

4. A presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para solicitar as certificacións de non ter débedas coa Administración pública da comunidade autónoma, así como de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación dos pagamentos.

Artigo 5º.-Emenda da solicitude.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-Proxectos subvencionables.

- a) Aqueles que contribúan á recuperación da nosa memoria histórica e que sexan de interese cultural e social.
- b) Investigación e homenaxe ás vítimas do golpe militar de 1936, así como sobre a represión exercida no franquismo.
- c) Recolla de testemuños orais, tanto das vítimas como dos seus familiares, co fin da reconstrución da historia.

d) A recompilación de documentación escrita, en versión orixinal ou en soporte dixital, de documentos relativos ao levantamento militar de 1936, a posguerra e a construción da sociedade democrática galega.

e) A organización de cursos, congresos, seminarios ou xornadas así como a realización de exposicións acerca da recuperación da memoria histórica ou doutros temas relacionados coas vítimas deste período.

f) O recoñecemento de intelectuais, artistas e personalidades do mundo da cultura que teñan sido perseguidos, asasinados ou exiliados pola defensa das súas ideas.

g) A recuperación da historia das mulleres, da represión exercida sobre elas e dos nomes das que foron asasinadas, perseguidas, apresadas ou que se tiveron que exiliar neses anos.

h) Investigación sobre os bens requisados, a súa procedencia e o seu destino, así como a recuperación do patrimonio democrático histórico.

i) Reconstrución, a través de distintas expresións artísticas e culturais, de episodios históricos de especial relevancia.

j) Investigación de fontes documentais e actuacións xudiciais relativas á represión. Estudo histórico de centros penais, campos de concentración e outros espazos represivos.

k) Estudos sobre a participación dos galegos e galegas na Segunda Guerra Mundial e sobre as vítimas dos campos de concentración nazis.

l) Actividades encamiñadas ao recoñecemento do labor dos exiliados, á recuperación do patrimonio histórico-artístico desenvolvido nos países de destino e á homenaxe a todos e todas os que tiveron que abandonar o país para fuxir da represión.

Artigo 7º.-*Instrución e selección das solicitudes.*

Correspóndelle á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular proposta de resolución.

A comisión avaliadora a que fai referencia o punto 3 do artigo 1º estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o director xeral de Creación e Difusión Cultural.

-Vogais: en número de cinco, dúas persoas propostas pola Consellería de Cultura e Deporte, a subdirectora xeral de Creación e Difusión Cultural, a xefa do Servizo de Promoción e Difusión Cultural.

-Un funcionario, designado polo director xeral de Creación e Difusión Cultural, que actuará como secretario.

A comisión de valoración poderá solicitar cantos informes coide necesarios para a elaboración do informe da valoración.

A comisión valorará os expedientes con base nos seguintes criterios:

a) Nº de actividades realizadas nos dous anos anteriores: ata 5 puntos.

b) Nº de medios materiais necesarios para a execución do programa: ata 5 puntos.

c) Carácter continuado e non ocasional do proxecto: ata 5 puntos.

d) Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade: ata 5 puntos.

e) Que se trate de actuacións xa iniciadas e cun prazo previsible de finalización: ata 3 puntos.

f) Número de socios e afiliados das asociacións, fundacións, organizacións e agrupacións culturais: ata 5 puntos.

g) Repercusión territorial do programa ou actividade: ata 5 puntos.

h) Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: ata 5 puntos.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada.

Artigo 8º.-*Resolución.*

1. Á vista da proposta de resolución, a conselleira de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado e a contía da axuda concedida.

2. O prazo máximo para ditar e notificarles aos interesados a resolución expresa non poderá superar os nove meses, segundo establece o artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir da publicación desta convocatoria.

O vencemento do prazo máximo, sen que sexa notificada a resolución, faculta os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

No caso daquelas solicitudes que fosen desestimadas, os solicitantes poderán retirar a documentación presentada.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

4. Consonte o artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as axudas outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios.

Artigo 9º.-*Importe máximo das subvencións.*

O importe máximo destas subvencións non poderá, en caso ningún, superar o custo das actividades que

desenvolvan as entidades beneficiarias, xa sella illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados.

Artigo 10º.-Aceptación e xustificación.

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación; transcorrido este sen que producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

2. Os beneficiarios deberán xustificar a totalidade do orzamento no prazo dos vinte (20) días hábiles posteriores ao de realización das actividades, e, en todo caso, antes do 1 de novembro do ano 2008, mediante a presentación das facturas e xustificantes de aboamento destas, orixinal e dúas fotocopias, xunto coa relación detallada delas, cunha memoria explicativa das actividades desenvolvidas en relación coa finalidade da axuda concedida, así como dous exemplares da publicidade xerada.

3. Os beneficiarios desta axuda quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. A actividade subvencionada con cargo a esta orde deberá contribuír á normalización da lingua galega. As accións de difusión, publicidade e comunicación da actividade subvencionada desenvolve-ranse en galego.

2. Os beneficiarios das subvencións quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, e deberanlle comunicar, se é o caso, á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, o lugar, día e hora da actividade subvencionada. A Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos.

3. Os beneficiarios da subvención farán constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte -Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural- utilizando a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia, e cumprirán así mesmo coa normativa vixente exixida para o depósito legal.

4. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

5. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6. Os beneficiarios, co fin de comprobar a realización da actividade, terán que achegar á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, con destino ao Centro da Memoria, unha copia da gravación en soporte axeitado cando o proxecto sexa de recolla de memoria oral das vítimas, testemuñas ou familiares. Tamén deberán entregar o orixinal ou, de ser o caso, unha copia en soporte dixital con este mesmo destino cando se trate de documentación escrita e outros materiais.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda e procedemento sancionador.

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas, cando con-corra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que o beneficiario da axuda incum-prise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura e Deporte instruirá expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Modificación.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 14º.-Recursos.

Contra os actos resolutivos, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución ou, potestativamente, interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a conselleira de Cultura e Deporte.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Creación e Difusión Cultural para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E
DEPORTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS CULTURAIAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS RELACIONADAS COA RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD205B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE			CIF / NIF
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ÁMBITO DA ENTIDADE

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

Proxecto para realizar:	
Ámbito territorial de realización do proxecto:	
Cantidade solicitada:	Contía do proxecto:

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- Fotocopia do NIF ou CIF da entidade.
- DNI do representante.
- Documentación acreditativa da representación.
- Declaración das subvencións solicitadas, para o mesmo fin, ás administracións públicas.
- Memoria detallada relativa ao programa ou actividade que se vai desenvolver.
- Orzamento desagregado do programa ou actividade.
- Memoria das actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica realizadas ata o ano 2007 polo solicitante.
- Calendario de execución do programa ou actividade.

OBSERVACIÓNS

--

Quen abaixo asina DECLARA QUE: dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Deporte para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 5 de maio de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se atope derrogado.

-Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2008.

-Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

E supletoriamente:

-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Real decreto 887/2005, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN, E DECLARACIÓN DE NON SE ACHAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓN PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS

con DNI nº
 en nome e representación da entidade
 con NIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a actuación denominada

a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante DECLARA que non se acha incursu en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura e Deporte, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

, de

(Sinatura e selo da entidade)